

CCR/Ra



Deputación
Pontevedra



Data Rexistro: 16/12/2024 10:42:57

Nº Rexistro: 2024000667

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 29 de novembro de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada D^a Ana Laura Iglesias González:

18.8313.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E rematamos cos rogos e preguntas, ten a palabra. Comezamos por Ana. Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias González.

Sra. Iglesias González.- Moitas gracias presidente. Si, temos unha pregunta: ¿cando teñen previsto iniciar as obras da EP-2702, que pasa por Pazos de Borbén?, despois de tanto tempo de espera dos atrasos inxustificados.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 13/12/2024 11:09

D^a Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial Socialista, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 29 de novembro de 2024:

PREGUNTA:

¿Cando teñen previsto iniciar as obras da EP-2702, que pasa por Pazos de Borbén? Despois de tanto tempo de espera dos atrasos inxustificables.

RESPOSTA:

O 24 de abril de 2024, a Deputación de Pontevedra enviou ao Concello de Pazos de Borbén o borrador do convenio de colaboración para a execución do proxecto de ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo – Os Valos dende o p.q. 6+550 ata o p.q. 7+980.

O 30 de abril de 2024 a Deputación de Pontevedra achegou a proxecto construtivo.

O 6 de setembro de 2024, ante a inactividade do Concello de Pazos de Borbén neste asunto, a deputada delegada de Infraestruturas, Dona Isabel Couselo Torres enviou unha carta ao alcalde de Pazos de Borbén transmitíndolle a súa preocupación pola demora do Concello na tramitación da aprobación do convenio de colaboración.

Finalmente, o 2 de outubro, tras cinco meses de espera, e como consecuencia da presión exercida no Concello polos veciños e veciñas da plataforma e do goberno da Deputación de Pontevedra, o pleno do Concello de Pazos de Borbén aprobou o convenio de colaboración, que foi asinado o 31 de outubro de 2024. Un pleno que podería ser convocado xa en maio deste mesmo ano.

Soamente sete días máis tarde, o 7 de novembro de 2024 A Deputación de Pontevedra iniciou os trámites de procedemento de expropiación das propiedades afectadas polo proxecto, continuando así os procesos preceptivos de xestión previos á licitación, adxudicación e execución da obra.

No pleno que se celebrará hoxe, 7 de decembro, someterase a debate e proposta de aprobación inicial do proxecto construtivo.

En definitiva, este goberno da Deputación de Pontevedra é o único que habilitou fondos precisos, adecuados e suficientes do orzamento provincial para esta obra e está comprometido co proxecto de ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo – Os Valos, para o que está a xestionar con dilixencia e prontitude os expedientes necesarios para acometer as obras, a pesares dos obstáculos e retrasos provocados polo Concello de Pazos de Borbén.

Asinado dixitalmente.

